

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

EXTRACTO da Orde do 30 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a promoción e consolidación do emprego autónomo a través do Programa I, de axudas á promoción de emprego autónomo, cofinanciado parcialmente con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e do Programa II, de axudas a persoas traballadoras autónomas pola contratación indefinida de persoas asalariadas, e se convocan para o ano 2020 (Programa de emprego autónomo) (código de procedemento TR341D).

BDNS (Identif.): 494043.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. Persoas beneficiarias

Serán beneficiarias aquelas persoas que causen alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional entre o 1 de outubro de 2019 e o 30 de setembro de 2020, ambos inclusive, como titulares ou cotitulares do negocio ou explotación.

Segundo. Obxecto

Este programa ten por obxecto a concesión dunha axuda económica a aquelas persoas desempregadas que pretendan desenvolver a súa actividade empresarial ou profesional en Galicia como traballadoras autónomas ou por conta propia, para facer fronte aos distintos gastos xerados no comezo da súa actividade laboral

Terceiro. Bases reguladoras

Orde do 30 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a promoción e consolidación do emprego autónomo a través do Programa I, de axudas á promoción de emprego autónomo, cofinanciado parcialmente con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e do Programa II, de axudas a persoas traballadoras

CVE-DOG: 9rru1n4-hu52-d6k1-jl5-cv7wxyqskep4



autónomas pola contratación indefinida de persoas asalariadas, e se convocan para o ano 2020 (Programa de emprego autónomo) (código de procedemento TR341D).

Cuarto. *Importe*

Para a concesión destas axudas destínanse doce millóns douscentos cincuenta mil euros (12.250.000 €).

Quinta. *Prazo de presentación de solicitudes*

1. O prazo xeral de presentación de solicitudes para o programa I regulado nesta orde finalizará o 30 de setembro de 2020.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2019

Francisco Conde López
Conselleiro de Economía, Emprego e Industria

CVE-DOG: 9rrnu1n4-hu52-d6k1-jl5-cv7wxyqskep4

